

Nº 10671



POESIAS ■ GALEGAS
FRANCISCO ■ AÑÓN

REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA

F-1668

Biblioteca

ECA ■ LÍRICA ■ LAR





Biblioteca Lirica

POESÍAS GALEGAS

- No Desterro**, poesías de Ramón Cabanillas
(2.^a edición) 2 ptas.
- Da Terra Asoballada**, poesías de Ramón
Cabanillas (2.^a edición) 2 ptas.
- Poesías de Añón**, (2.^a edición) 1 pta.
- Bálsamo de Ferabrás**, poesías humorísticas
de Enrique Labarta Pose 2 ptas.

En preparación obras
dos mellores poetas galegos

Poesías galegas

POR

FRANCISCO AÑÓN



BIBLIOTECA LÍRICA LAR -- A CRUÑA


Poesias galegas

POR

FRANCISCO ANÓN




BIBLIOTECA LÍRICA LAR - A CRUÑA



Francisco Alton



Francisco Añón



PRÓLOGO

FRANCISCO AÑÓN PAZ

POUCAS veces, moi de raro en raro, víronse íren de acordo o pensar da crítica dos eruditos co modo do sentire popular. Verbo d'eso é que se no concepto d'aqueles este poeta galego non enche o posto de un dos primeiros do noso Parnaso, en troques, sendo, tanto na vida como na morte, un dos mais conocidos das nosas xentes, ten para elas a mesma, senon mais grande, merecente sona que calesquer dos millores para os outros. Tan é así que as suas obras están esgotadas e non se da c'un exemplar d'elas por ningures.

Non se poderá endexamais falar dos poetas galegos sen que teñamos que dar comenzo por Añón, inda que sexan conocidas poucas das moitas poesías que produxo; pero non en balde foi e será un dos nosos vates que mais chegaron ao pobo. O tempo non o fixo esquencer do seu poeta favorito, cuxa sona ao contrario, medra mais e mais de día en día.

A popularidade de Añón, como a de outros moitos, préstalle ben pouco á certos entes fracasados, incomprendidos do vulgo según eles din, e teñen aquela, inda que a

envexen pol-o calado, como a cousa despreciabre pois según contan á boca chea é maior a popularidade canta maior é a incultura.

Algo da cativreira estima co a que se xusga á Añón, polos moi sabidos, por aqueles que para todo, inda para as leiras galegas, botan man de patrós e medidas castelans, foi o se inercuíren, enfromedias dos seus versos, todol-os que d'él poideron se atopar. Abondan moitos na mentireira creenza de que ao se publicare as obras de un escritor, co gallo de dalas o mais conpretas posibre, deben s'emprentaren todol-os seus traballos.

Tamén abondan os que desconocendo o xusto medio e o ambiente no que se moveu o desenvolvemento e progreso da renacente poesía galega, aprícanlle así mesmo para a crítica un criterio somellante ao que ten de se apricare á unha literatura xa formada e que teña séculos de vida. Por eso o inxusto das censuras á Añón, do que moitas das suas poesías, as mais divulgadas, son as inferiores ou de principiante, inda que xa n-elas xurdan espontáneas a tenrura e a sinxela característica campesina, propia de todol-os iniciadores da restauración literaria galega, que tardan en se desprendere do xeito inxénito e malicioso propio da raza.

Nosoutros temos outra maneira de vel-as cousas á este respeito e somos dos que creen debe de se facer unha boa e ben debida escolleita, malia de que o libro ou libros non medren nas suas follas, pois val mais a calidade que a cantidade, que as tachas de se lle perdoar ao Sol, é por sere éste fonte de calor e vida.

De ahí que lle pasara á Añón o que lle pasou. Ao se coleccionaren as suas poesías, as mais d'elas poden se daren por perdidas para en de sempre xamais, fíxose oco á tantas cantas poideron se axuntaren, esquencéndose de que non se conservando outros orixináes mais que á garda da memoria do autor, morto éste e desaparecidos os boletis onde viron a luz os seus versos, tiñan de se resentireq os que d'estos se recolleran, pois de non estaren con-

trafeitos os faltosos, abondarían en defectos por mal tomadas de ouvido ou por erros de copia.

Se ademais ben se arropara no tempo en que viviu Añón, o alborexar do rexurdimento actual das nosas letras nas que foi un dos precursores, e na vida bohemia e aventureira que tanto se aviña co a súa maneira de ser, non deberá ser motivo d'estraneza que se atope unha certa desigualdade nas súas composicións, moito mais tendo en conta que a maioría das que se conservan, pol-o mor das circunstancias porque o poeta pasou na vida, foron fillas do momento e como tales carentes, sea quen queira o poeta que as faga, de toda valoría; véndose, por certo, adicada, às veces, unha mesma poesía á dous ou mais persoas.

Pese á todo, Añón, o *Patriarca*, como se lle chamou e sigue se lle chamando foi, é, e terá de seguire sendo, cada vez mais acrecentado o seu recordo e o seu nome, o poeta popular, o mesmo dos que non abandonamos a nosa meiga terra, que d'aqueles que alonxados d'ela, sinten nas almas mortaes saudades pol-os nativos e amados eidos.

Así vese á colíu como todol-os boletís e total-as *Antoloxías galegas* dan preminente posto aos versos d'este poeta sin que o tempo faga esquencel-o seu nome. Nas *Revistas rexionaes* das Américas, ten tamén o seu lugar.

E que Añón é ante todo, e malia á todo, o poeta verdadeiramente enxebre, sendo por enteiro todo noso e todo do seu terruño. A súa musa non será a soberba diosa das maxestosas composicións, mais vese refrexada n-ela a espontaneidade e a saudade; está de cote tan chea da fresca e rescendecente poesía popular galega e acugula nas súas composicións tanta fennura, inxenuidade e humorismo que él, cal poucos o fixeron, aceriou á lles dar aos seus versos todo aquel encanto e toda aquela xugosidad que son cal cerne da nosa lírica. Perda grande para esta derradeira foi a da maioría das poesías de Añón. Pol-as conladas que se conocen é de lamentar que o noso Par-

naso se non poda envnaecer con outras xoyas de tanta valía como *Recordos da Infancia*, tan dôces e sentidos, *A Pantasma*, chea de gracia e socarronería, *O Magosto*, cadro típico rebosante de humorismo, e algunhas máis como os celebrados e patrióticos *Himnos* (1) composicións todas que figuran n-este volume.

Entre eles o adicado *A Galicia* que outivo o acesit ao primeiro premio (este quedou deserto) nos xogos froraes da Cruña no ano 1861, o que por certo motivou que Añón escribira unha donosa poesía da que solo recordamos algúns versos soltos.

A nosa fala, n-este poeta, móstrase fluída e correta con toda a súa elegante ductilidade, e toda a súa dôce e soave eufonía, libre da irta verba de que outros poetas de máis sona do seu tempo, como outros moitos escritores dos nosos días non acertaron á se libraren. como tampouco se libraron, nin o mesmo Añón, de certos castellanismos que se esculpabres n-aqueles días hoxe non teñen perdón, como tampouco o teñen os que agora convirten o celme da falangueira fala galega, en algo somellante ao chirriar dos carros.

Tantas, cantas máis veces se lean os versos do dôce Añón, do *Patriarca*, farán acordaren algo adormexado nos nosos corazóns. E o poeta, agarimoso e vello amigo que préstanos alentos nos nosos amores e esperanzas e ao nos falare das súas coitas, danos acougo para as nosas mágoas e os nosos acidumes sintindo sempre co'él, todo canto alegre ou anoitece a alma d'esta nosa patria para que o poeta tiña gardadas no seu peito, todol-os seus quererres, para esta terra na que cobizaba descansar para sempre como nos dí n-un dos seus *Himnos*:

*¡Ay! eu tamén quixera dormir no teu regazo
cando pechando os ollos dixera ao mundo adiós!
para contigo unirme en máis estreito lazo.*

(1) Por eles foi conocido tamén Añón pol-o poeta dos *Himnos*.

Entromedias das diferencias que se notan na musa de Añón, ten éste sempre para nós un certo meigo encanto nos seus versos, e ora se nos mostra dôce, melancónico e tenro ao nos falare dos recordos santos do seu fogar, da fermosura da nosa terra pol-a que sempre salaya e á que deseia ver grande e frolescente, ou ora nos eante as nosas vellas tradicións e co'a picaresca e socarrona malicia da xente das nosas campías se bulra das antigas supersticións, ou xa cando nos seus intencionados epigramas que firen cal as avellas, xoga brillantemente co equívoco, vemos sempre n-este poeta, mais do campo que vilán, un grande e verdadeiro poeta galego, á quen ha de chegarlle, mais tarde ou cedo, a hora xusta da reparación para que o seu nome sea grabado con letras d'ouro ao par dos que os teñen nas primeiras ringleiras das follas da nosa historia literaria.

Alentan nos poemas de este poeta o mais intenso amor á terra natal, para a que ansía un porvir glorioso. E o amor sempre arrequecido do fillo para a nai, que tanto mais se ama tanto esté mais alonxada de nós. E dende o estranamento o poeta Añón, énchese de saudade e canta sua terra con férvidos anhelos. Esa saudade e ese amor do que ten tan lonxê de él non é senon o refrexo da alma da raza inda que a él se xuntan as tristuras e acedumes do poeta.

As suas poesías casteláns non teñen porque se mentaren aquí; mais non estará por mais deere que a tan conocida e popular *El borracho y el eco* foi senon plaxiada, copiada mais d'unha vez e algúns críticos do Centro que non atoparon mérito n-esta poesía de Añón, debulláronse en eloxios d'unha certa poesía francesa, moi celebrada un tempo e que para nós non tiña a gracia e donosura que a do noso poeta, na que somellaba estar inspirada.

Os que así xulgaron esta poesía fixérono por seguir os preceptistas que teñen esta derivación chamada *poesía de eco*, propia dos séculos XVI e XVII, como artificiosa e pueril, quizáves porque algúns dos que a cultivaron, moi-

os pelenrinos inxenios, non acertaron a lles dar âs suas composiciós a gracia, espontaneidade, viveza e naturalidade no diálogo que tanto se remarcán na poesía do poeta galego.

* * *

Francisco Añón Paz, naceu n'aldea de Boel, parroquia e concello de Outes, partido de Muros, provincia da Cruña, o día 9 de Outono do ano 1812.

Os seus primeiros pasos na vida foron os mais ditosos días do poeta. e d'eles falanos nos *Recordos da infancia*. Pasounos nos encantadores e nativos eidos dos que os coidados e azares, tiñano de alonxar; mais a visión d'aqueles ardentes paisaxes non se borrou endexamais dos ollos de Añón.

Estudou primeiramente no Seminario de Compostela, mais logo deu de lado â carreira eclesiástica e os ideás da fé, víronse trocados pol-os da liberdade; d'este xeito o que nos comenzos cantou â santidade dos cousas, rematou, mais que indeferente, sendo incrédulo.

Seguíu na Universidade da mesma Compostela a nova carreira e licenciouse en Filosofía, facéndoo de Xurisprudencia o mesmo ano que o seu grande amigo, o poeta vigués José M.^a Posada, ou sea no ano 1845. (1) Na cibdá compostelán, tomou parte aitivísima no rexurdimento literario de Galicia, e foi un dos fundadores da *Academia Literario-Artística de Compostela*, creada no ano 1840 e que tiña o seu domicilio n-un dos salóns do ex-Monasterio de San Martiño.

Entramente seguía os seus estudos e viveu na su sua terra, deu â pubricidade moitísimas poesías e numerosos epigramas, mais en galego que en casteláu, e os boletís da rexión n-aquel tempo *El Porvenir de Galia*, *El Idólatra de Galicia*, *La Aurora de Galicia*, o *Recreo Compostelano* e outros de Santiago y *El Centinela de Galicia* da

(1) Véxanse no *Apéndice* as duas composiciós d'estes poetas, respondendo a de Posada aos desexos de Añón.

Cruña, honraron as súas columnas cos celebrados versos de Añón que tan popular o fixeron, pois a prensa d'aquela, era moi outra do que é agora.

Tomou parte principal na gloriosa e malfadada revolución galega do ano 1846 e, coma outros máis, víuse obrigado á fuxir á Portugal. Alí redactou na publicación bilingüe *La Revista Peninsular*; mais chegado-os sucesos de D.^a María de la Gloria, o seu *Himno dos povos* fixo famoso o seu nome, e tamén que se vira perseguido e botado fora do país veciño no ano 1850.

Tivo ocasión d'aquela de ver mundo. Como segredario do lord inglés Mr. Shawfordt visitou Francia, Italia e Andalucía, residindo n-esta rexión española coma cousa de tres anos, durante os que publicou algúns traballos nos boletíns que n-ela vían luz. N-eles tamén escribía Vicetto, ao que as súas novelas, especialmente *Los Hidalgos de Monforte*, cúa primeira edición é a de Sevilla (1851), comenzaban á lle daren merecida sonda.

Mais as terras que visitaba Añón, malia de toda a súa fermosura, non eran aqueles meigos lugares, endexamais esquencidos pol-o errante poeta, aqueles lugares que non tiña xa mais de volver á vel-os, senon cal lostregante visión, e dos que con dôrido acento nos dí n-unha das súas máis sentidas composicións:

¡Lonxe de vos eu morro! ¡Sin vos non sei vivir!

Xa en Madride pol-o ano 1858, e onde a punxante espiña do recordo da amada terra ausente habíalle de inspirar as máis tenras é saudosas das súas poesías, entregouse ao periodismo político, e os acontecementos de 1866, fixérono de novo volver á Portugal. Abríulle as portas da patria a revolución septembrina, e no ano 1869 logrou, por mediación do noso paisano Montero Ríos, un cativo emprego no Ministerio de Gracia e Xusticia, mais víuse logo cesante. Antes de logral-o emprego viviu en Galicia, en Santiago e na Cruña, do 1866 ao 1869, e n-estas dúas vilas escribiu algunhas novas poesías.

Dende 1869 hasta a sua morte viviu a vida de todos os poetas bohemios que non saben outra cousa que facer versos; e Añón seguiu sendo poeta, pero poeta galego.

No ano 1875 constituíuse por varios galegos residentes en Madrid a sociedade chamada *Galicia Literaria*, creada por iniciativa do malogrado Vesteiro Torres.

Foi seu presidente Añón e co'él formaban a directiva os irmáns Muruais e Novo, Luís Taboada, Peña Rucabado e outros.

Nas suas reunións liáanse traballos en prosa e verso, que foron reunidos e os orixinás legados á «Biblioteca da Universidade de Santiago».

Cesante, en Madride, comenzan as maores desventuras para o poeta. Outra vez periodista; logo á dare leiciós de idiomas (falaba francés, inglés e portugués), mais tarde vivindo penosamente como intérprete portugués d'un Hotel...

...¿A qué seguilo na sua vida dôrida, de acedumes e amarguxos?

Vello, doente é pobre pasou por moitas, mais inda tiñan de lle ehegaren horas mais amargas. Así e todo o seu humorismo de cote, non o deixou, como pode verse na poesía *A miña enfermidade*, composta pouco antes de s'emporar; composición na que o poeta se bulra donosamente dos seus males.

Mais cando a mala fada persigue á alguén, como faga n-él presa, non o deixa nin de vivo nin de morto. Así se fixo dona de Añón.

Viviu os derradeiros dos seus días na casa do seu amigo Romaña, hastra que foi preciso trasladalo pol-o mor d'unha operación quirúrxica a unha sala de pago do Hospital matritense da Princesa onde finou seus días na cama número 20 da sala de San Lesmes este fillo amante de Galicia, casi no maor dos desamparos, pois hasta no viaxe a sua derradeira morada, foron poucos, contados, dos seus amigos, Montero Ríos e outros varios, os que o acompañaron, pois nin aqueles nin a numerosa Colonia Galega

da Corte, souperon cando morrera, que foi o 20 de Abril de 1878

¡Pobre Añón! Dormes o sono de paz no patio do Pozo do Cimiterio do Sul de Madride, en terra allea e baixo un ceo que non é o da tua patria; mais se ésta inda non recramou teus restos para repousar no seu seo amante cal eran os teus desexos, parez que agora se trata, e queiran os Ceos non quede somentes en iniciativa, de que tan sagrado difunto repouse na amada terra nativa.

Galicia está no dober de honral-a memoria do allísimo poeta, pois non abonda que teña como premio un altar no corazón de todol-os bons galegos, que non se esquen-cen endexamais de quen fillo agarimoso, teña seus pen-samentos nos eidos ben amados, mais morreu sen ver feito cumprido o tan cobizado sono.

*Mesmo entrar non quixera na Groria
sin primeiro pasar por ahí.*

Uxfo Carré Aldao

da Corte responderam quando perguntarem que foi o 20 de Abril
de 1815.

João Antonio Pinheiro e Sousa de Paiva, notário da Paróquia
de Caminho da Boa da Madeira, ao certo e lícito e depois de
ver que não havia sido feita a publicação de esta lei não
reclamou seus direitos para receber os seus direitos, e
isto os seus devedores, para que agora se faça a publicação
da lei não sendo somente em virtude da publicação
segundo o mesmo processo no estado da natureza, e
dizendo esta no dober de honrar a memória do alcaide
João de Paiva, e não se pode que se faça como se fez
no estado de todos os seus devedores, que não se expuseram
sem embargo de que não se fizeram os seus direitos
segundo os seus devedores, mas somente se fez
esta publicação e não se fez mais.

Mesmo assim não houve na primeira publicação
e a primeira parte por ele.

Uxo Caré Albas

João de Paiva, notário da Paróquia de Caminho da Boa da Madeira, ao certo e lícito e depois de
ver que não havia sido feita a publicação de esta lei não
reclamou seus direitos para receber os seus direitos, e
isto os seus devedores, para que agora se faça a publicação
da lei não sendo somente em virtude da publicação
segundo o mesmo processo no estado da natureza, e
dizendo esta no dober de honrar a memória do alcaide
João de Paiva, e não se pode que se faça como se fez
no estado de todos os seus devedores, que não se expuseram
sem embargo de que não se fizeram os seus direitos
segundo os seus devedores, mas somente se fez
esta publicação e não se fez mais.

Mesmo assim não houve na primeira publicação
e a primeira parte por ele.

João de Paiva, notário da Paróquia de Caminho da Boa da Madeira, ao certo e lícito e depois de
ver que não havia sido feita a publicação de esta lei não
reclamou seus direitos para receber os seus direitos, e
isto os seus devedores, para que agora se faça a publicação
da lei não sendo somente em virtude da publicação
segundo o mesmo processo no estado da natureza, e
dizendo esta no dober de honrar a memória do alcaide
João de Paiva, e não se pode que se faça como se fez
no estado de todos os seus devedores, que não se expuseram
sem embargo de que não se fizeram os seus direitos
segundo os seus devedores, mas somente se fez
esta publicação e não se fez mais.

A GALICIA

Dos teus recordos vivo ¡Galicia encantadora!
por teus anacos morro, idolatrado chán,
onde voou sorrindo da miña infancia a aurora,
onde as mais caras prendas que o corazón adora,
o derradeiro sono en paz dormindo están.

¡Ai! eu tamén quixera dormir no teu regazo,
cando pechando os ollos, dixera ao mundo adiós!
para contigo unirme en mais estreito lazo,
nun empinado outeiro, nun foxo ou nun ribazo,
que son para quen morre todol-os sitios bôs.

Pintar quixera agora en loumiñeiro canto
teus vales e montanas, teus ríos e teu mar;
mais describir non podó tan feiticeiro encanto,
e as ourentes frores do teu precioso manto
co as miñas tristes bágoas podíanse acrisar.

¡Ai! se alas eu tivese, traspóndo o Guadarrama
e outras altas serras, cal rápido condor,
iría ver, Galicia, teu rico panorama,
teu verde chan frorido, que os aires embalsama
e o natal corrunchó do meu primeiro amor.

Vería d'esa altura teu mar d'azul e prata
que desde a nobre Austria ao libre Portugal,
pol-a rachada costa brincando se dilata,
vería o sacro Pindo e a grande catarata
que o Ezaro gomita d'un alto penedal.

Do opulento Miño a deliciosa orela,
enverdexo en viñas que é un regalo ver,
as colosales torres da augusta Compostela,
e os risoños campos de Sar e do Sarela,
teatro n-outros tempos d'amores e pracer.

Teus traxes e costumes nas populares festas,
bailes, merendas, runflas, nas horas de calor,
â sombra dos carballos, ou entre as verdes xestas,
con gaitas e pandeiros e rústicas orquestas,
de primitivas eras recordo encantador.

Parece que inda enxergo, por entre ramalleiras,
travesos estudantes correr e estralouzar
versos botando e frores âs mozas churrusqueiras,
mentras na pobre ermita as nais camanduleiras,
por un ou dous ichavos o Santo van bicar.

.....
.....
¡Qué terra tan vizosa! ¡Qué pintorescos montes!
¡Qué vales e montanas de máxica ilusión...
Si derdes algúns pasos, cambiades d'hourizontes;
descúbrense outras veigas, mariñas, ríos, fontes,
que ao tenro vate infunden sublime inspiración.

Os soutos e ladeiras, os mais amenos prados,
as árbores e froitas que acá e alá se ven,
parece que están fonchos de verse duplicados,
dos ríos e foncelas nas augas retratados
como un pequeno cróquis do venturoso Edén.

Ergue esa alliva festa, Galicia, e non te engruñes:
do teu porvir dourado a estrela vai rayar,

das armas e das letras, tempo é qu' o cetro eupuñes,
que a terra onde se crían Feijóos é Méndez Núñez,
do mundo nos destinos gran parte ha de tomar.

O tempo s'apresura... Querida patria, escoita
ese xemido rouco que racha o aire van...
é o vapor que chama con violencia moita
a ese pôrvir xigante que co pasado loita,
e á trasformar s'apresta o teu fecundo chán.

Serán famosas vilas âs que hoxe ves aldeas...
A Cruña, Ferrol, Muros e Vigo encantador,
da orela do teu manto, magnificas preseas;
serán mais visitadas de embarcaciós alleas.
do que hoxe son Lisboa, Marsella e Nova York.

Maxínome estar vendo os escumosos mares,
con velas e vapores que cruzan, van e ven,
mentras por entre soutos, devesas e pinares,
ao son de feiticeiros e máxicos cantares,
con foliadas dentro, silbando pasa o tren.

¡Ay! cantas veces, cantas, en noites pracenteiras
a suspirante brisa no mar m'arrandeou,
cantando barcarolas con lindas compañeiras,
e desde o Ceo a lúa nas ondas bailadeiras
os seus brillantes rayos de prata esnaquizou!

Galicia da miña alma, o corazón ch'adora,
cando na escura noite retrina o ruiseñol
cando entre nubes d'ouro sorrindo esperta a Aurora,
cando o choroso orballo das frores s'evapora,
e cando tral-os montes no mar se chanta o Sol,

¡Adiós frondosos bosques! Adiós froridos prados,
onde en felices días corrín e rebuldei!
serenas, craras rias, outeiros perfumados,
collede os meus suspiros de bágoas salpicados...
¡Lonxe de vos eu morro! Sin vos vivir non sei!

A PANTASMA

Aló na alta noite

Cando en silencio dorme o mundo enteiro
sin qu'en ningúnes nada mais s'escoite
que o marmular das augas d'un regueiro,
qu'atravesei lixeiro,
dirixía meus pasos á deshora
á un cimiterio triste e pavoroso,
para apañar un óso,
según me tiña dito o noso cura,
qu'era o remedio pra olvidar amores
d'unha rapaza que o meu peito adora
n-aqueles arredores.

A noite estaba escura
como boca de lobo; non se vía
nin a punta d'un dedo,
todo era mudo, silencioso e quedo,
nin ruxir unha folla se sentía...
Calquera, menos eu, tivera medo.
Mais á pesar de ser fan alentado,
ao saltar o balado
o corazón no peito me batía;
o pelo s'arrepía
e nas pernas sentía algúns tremores.

Pra dentro entrei, por fin, âs apalpadas
agarrándom'âs hedras
que pegadas están, de medo, âs pedras:
tripando ortigas, malvas a fiuncho,
cheguei hasta un curruncho.

Boteilla'a pouta á unha calivera,
- ¡Ai! nunca Dios me dera!
apenas a chisquei, ¡qué risotadas
infernales oñ!.. Logo un difunto
se me presenta diante,
d'hábito branco e vagoroso andar.

Comencei á rezar
pasíño un *Padrenuestro*: e n-aquel punto
fixen un circo co meu pau d'oliva,
que xa bendito (por se acaso) iba,
e posto dentro d'él - Eu te requero
de parte de... - díxenlle tremelando.

El con grave ademán e voz alliva.
m'interrumpeu: - ¡Ah! fuxe, temerario;
non toques nada!.. - ¿Sí? eu me retiro; -
e apertei contr'o peito o escapulario
qu'é da Virxe do Carme.

- Pero aténdeme ben; has d'esperarme
no muíño d'Añón. (1) - ¿Preciso fouce?
- Non; miserable... ¡vaite! - E deum'un couce,
como nunca o levei na miña vida,
porqu'o difunto aquel gastaba zocos,
e para despedida

inda me zorregou dou sopramocos,

Non parece sinón que pol-o aire
fiña chegado ao señalado punto,
e cárame o difunto
que xa ruxindo ven por entr'o millo
parece qu'inda xa con mais donaire.
¡Canto me maravillo

(1) Un muíño da propiedade da familia do autor, sito nas beiras do río Tirres.

vendo d'aquel pantasma a linda cara,
da lúa, que nacía, ao claro brillo!
¡Ay, pecador de mí! ¡quén o pensara!
Era a miña Mingucha en corpo e alma,
c'unha sáboa cuberta,
que m'estorbara d'apañar o óso,
porque non acabase o amor noso.

Pasmado me quedei coa boca aberta;
Mais ela que era esperta,
o pasmo me tirou c'un doce bico
e ríndose á valer, díxome: - «Chico,
xa estás ben castigado» -

Trocous'o medo en venturosa calma
e entramos no muiño qu'era tarde
para dormir aquela noite xuntos
pol-o mor difuntos.

Dend'aquela chuscada,
non me chamen cobarde,
pois, sea noite crara ou de tronada,
se paso ao pé do adro ou cimiterio,
ríndo do vulgo a vãn credulidade,
(con perdón do Abade)

quixera ver pantasma - falo serio; -
pois maxinara inda
sel-a miña adourada, Mingas linda.

XOGOS FRORAES

Chegou á min a noticia
Que hai tamén xogos froraes,
Como n'outras capitaes,
Na capital de Galicia.
Hacha n-esto unha ledicia
O poeta aventureiro
Que a estas festas vai lixeiro
Como ás frores as abellas
C'un ramallo de loureiro.

Nos recordos do pasado
Seus pensamentos abisma,
Mirando por outro prisina
O mundo metalizado:
A beira d'o mar sentado,
Cando brua e ferve en ira
Ou cando brando suspira,
Ruxir sente na memoria
Sublimes cantos de gloria,
Que Dios dend'o Ceo lle inspira.

Eu, que ende mal m'arredei
D'eses mares e ribeiras,
D'eses soutos e pradeiras

En que alegre rebuldei,
A Galicia cantarei
Cheo d'amor e d'orgullo:
D'entusiasmo xa esbagullo;
Non teño papel á man,
E estes versiños, no chán
Escribo c'un carabullo.

(1) Enviada co himno «A Galicia» aos xogos froraes da Cruña en 1861.

A GALICIA

Airiños da miña terra
Airiños, airiños, aires,
Airiños, leváim'a ela.

(Balada)

¡Aí! esperta, adourada Galicia,
d'ese sono en qu'estás debruzada;
do teu rico porvir a alborada
pol-o ceo enxergándose vai.

Xa cantando os teus fillos te chaman,
e cos brazos en cruz se espreguizan...
¡Malpocados! o qu'eles cobizan
é un bico dos labios da nai.

D'ese chán venturoso arrincado
pol-a man do meu negro destino,
hasira mesmo soñando maxino
eses campos risoños cruzar.

E correr pol-as hortas e prados
onde leda pasou miña infancia,
respirando a suave fragancia
do xazmín, carabel, azahar.

Cóido ver esas rías serenas,
escumando, con barcos veleiros,

e cantares oír feiticeiros,
qu'en ningúres tan doces oín
Inda creo sentir as labercas,
que pineiran nos aires cantando,
cando o sol vai as nubes pintando
d'amarelo, de lume e carmín.

Ao través d'aguzados penedos
penso ver empinados petoutos,
viñas, hortas, devesas e soutos,
qu'apouvigán os ventos do Sul,
E saltando regueiros e valos,
cata xa outros bôs hourizontes,
outras veigas, mariñas e montes,
que se perden na brétema azul.

Sño ahí qu'entre verdes pereiras
foliadas alegres escoito,
cando o ceo se viste de loito,
nas poéticas noites do vrán:

E qu'en medio de nenas garridas
canta un mozo con voz pracenteira,
para o lado tumbada a monteira,
unha orella tapando ca man.

Eu soñei ver no cume do Pindo, (1)
adornados de mirto e loureiros,
escritores, poetas, guerreiros,
que sorrindo se daban a man,

Eran eses os fillos mais caros
que da patria aumentaron a gloria;
os seus nomes nos fastos da historia
con diamantes grabados serán.

E dimpois unha endrómena rara
vin moverse con auga fervente.

(1) Monte galego en Carnota.

e silvando com'unha serpente,
como un lóstrego os campos cruzou.

Era aquel o porvir que xa sóa
e das pobres aldeas fai vilas...
¡Adiós, cantos e musas tranquilas!
O imperio da industria empezou.

Acordei... o meu soño dourado,
como fume pasou de repente,
e magoado o meu peito se sente
de soidades e amor palpar.

Marmulei: - ¡Adourada Galicia!...
- E dos ollos chovíanme as bágoas - ,
¡Quén poidera beber tuas ágoas,
e teus aires feliz respirar!!!

De tí lonxe, querido curruncho,
eu morréndome estou d'amargura,
como a froita que vai xa madura,
e entre silvas o vento guindou.

¡Teño envidia da libre anduriña,
qu'ahí chega por todol-os mayosl...
¡Teño envidia das nubes e rayos.
qu'o Sudoeste á esas terras levou!..

A tí voa entre ardentes salayos
sobre as trémulas olas do vento,
a soidade do meu pensamento,
que de cote cravado está en tí.

Por diversos países qu'eu vaya,
tí serás miña doce memoria...
¡Mesmo entrar non quixera na gorla
sin primeiro pasar por ahí!!!

RECORDOS DA INFANCIA

(ÉGLOGA)

Sobre las rústicas flores
sentado a orillas del Miño,
un pastor a otros pastores,
les cantaba sus amores,
y estos recuerdos de niño.

Inda m'acordo cal se fora onte
cand'eu era pequeno,
saltón, vizoso, atravesado neno,
íbame cas ovellas pol-o monte,
â par d'unha garrida compañeira,
alegre, falangueira,
tan pura como as augas d'esta fonte.
Lindo, espigado corpo, donairoso,
d'estreito van donoso,
divinos ollos de mirar sereno,
pe curto, largo pelo, a sua cara
era á d'un anxel de lindura rara.

Ledos cantando, parolando ou rindo,
con preguiceiro paso
pol-os outeiros íbamos subindo,
escorrentando acaso

as labercas que voan trembadoras
peneirando nos aires cantadoras,

Con que solaz facía varios ramos
de froriñas do monte para Anxela
(este era o nome d'ela)

Na branca testa púñallas en roda
¡ai! era un gusto mais gracioso vela
que unha novia no día da sua boda.

¿Non vistes a anduriña,
que en mil confusas voltas pol-o aire
cantando remuiña

formando caprichosos laberintos?
Inda con mais donaire

corría a miña nena
pol-a pradeira amena

para collee os rústicos xacintos,
melosas madresilvas, amapolas,

campaiñas, pampillos, dedaleiras,
nos arrós, entr'o pan, ou nas silveiras,

e dos castaños esgazando as polas
abranguía aromáticos cencenos,

Con todas estas frores
fecíamos lindísimas guirnaldas

â beira dos regachos mais serenos,
ou d'un outeiro nas amenas fraldas,

pra coroar as nosas tolas testas,
qu'os inocentes nenos

xa ambicionan ser reis dende pequenos.

¡Malpocadiña un día
iba apañando as recedentes frores

con prácida alegría,
salayando unha cántiga d'amores,
que continuar non pudo!

Un ¡ai! dôrido, penetrante, agudo,
chegou á meu oído.

Corrín á ver que tiffa acontecido.
Estaba a linda nena

en bagullas bañada,

com'a rosa n-orballo da alborada,
que me partía o corazón de pena.

Unha maldita abella

chantara a sua punta venenosa
nos dôces labios de color vermella,
coidando acaso qu'era algunha rosa:

Por eso lastimosa

xeme, salaya, chora

a miña amada anxelical pastora.

Trato d'acalentala

con mil cariños e consellos sabios,
e para consolala

xuntei os meus á aqueles virxes labios
e fireille o ferrete pezoñento...

Trocouse o noso alento

n-un largo, dôce, divinal suspiro

que grabado inda está no pensamento.

En tal fatal momento

amor á entrambos nos fireu d'un tiro

e pasou a delor da picadura;

a picada d'amor inda hoxe dura.

Dend'a pasaxe aquela

en ningúres me hachaba ben sin ela,

e enredando de cote corriámos

pol-a pradeira toda â nosa anchura,

porque as ovellas, cando queriámos,

no medio da espesura

deixabámolas sóas

depinicando os gromos das queiroas.

Se algún regueiro hachábamos d'atranco

e derguía o meu ben âs suas náguas

para botar âs aguas

o seu fidalgo pe cal neve branco,

entonces ¡miña xoya!

non marra d'Anxeliña quen se doya.

Pillábaa nos meus brazos,

guindando â outra banda cos zapatos

e entre dôces abrazos

como a hedra s'enreda á un tronco forte
pasabámos, e d'esta mesma sorte
por entre toxos e bravíos matos.

E se quizáis do fresco río â beira
baixabámos á xunt'á os mais rapaces,
aquele era unha feira;
argallando e brincando na pradeira
como bravos cabirtos montaraces.

De carballo unha póla reforcida,
en dous gallos no medio dividida,
servíanos alí de randeeira,
para as calores refrescar do estío,
arrandeando n-ela.

Xogabámos ao trompo ou â estornela,
mentras outros patuxan pol-o río,
para pillal-as troitas.

Outros á reboladas,
por non poder cas mans, os enemigos,
estregaban as árbores e froitas,
aínda non logradas.

Chacina, leite, nozes, mazáns, figos,
e puchas cuguladas
de cereixas ou dôces cirigüelas,
sendo no tempo d'elas,
era o noso festín no campo brando,
mentras â sombra se deitaba o gando.

Ibámos por devesas e silveiras
moras buscando e niños
de merlos, estorniños,
rulas, víchelo-cregos, carniceiras
e dabámos âs nosas compañeiras
os ternos paxariños,
que mefían no seo palpitante,
para darlles calor algún instante,
mentras de rama en rama,
revoando con chíó penetrante,
a triste nai aos seus filliños chama.
¡Ninguén se doi da coitadiña ave!

¡Malpocadas meniñas! ¡ai! quen sabe
se d'ese mesmo xeito
amor vos rouba o corazón do peito,
para dalo tal vez á un falso amante,
que con falsos cariños
vol-o estrague cal vol-os paxariños!

Andabámos tamén ás agachadas,
á pifa cega e outros varios xogos
de prendas, que xa esquezo,
en que non valen súplicas nin rogos;
pero as nenas graciosas,
risoñas como as fadas,
nos puñan penitencias, tan gustosas
de tan dõce embeleso,
que sempre volviámos pol-o beso.

E nas noites do vrán ao libre vento,
no medio d'unha eira,
como a palma da man redonda, lisa,
ou baixo as verdes follas da parreira,
en que xogaba a suspirante brisa,
era de ver alegres foliadas
que d'oílas voaba o pensamento
como levado por celestes fadas.

No país venturoso dos amores,
entre os abalos d'armoniosos cantos,
así pasou aquela edá d'encantos,
de xogos e de frores,
e d'inocentes plácidos amores,
con tanta lixeireza e tal premura,
cal lóstrego súpil que as nubes racha,
cando un melido se hacha
en noite horrible de fatal negrura.

A LEITEIRA

Érgome ao abrir do día,
inda alumea o luceiro,
e en chegando á algún regueiro
bautizo con auga fría
o leite do meu pucheiro,
porque mellor aproveite.

¿Quén merca o leite? (1)

Madrugueiros estudantes
hacho ao pasar pol-a veiga,
e detéñenme os tunantes
pidíndo nata, manteiga,
e qué sei eu.., ¡badanantes!
mal fogo de Diol-os deite.

¿Quén merca o leite?

Cando eu entro pol-a vila
todos inda están na cama
en dôce calma tranquila.
¿Quén do sono os espablla?

(1) Así se pregoa en Santiago. Na Cruña facíannos *¿Quén
pr'í bô leite?*, contracción de *¿Quén quer por ahí bo leite?*

Eu que vou chama que chama
hastra que alguén s'endereite

¿Quén merca o leite?

E desperta algún señor
abrazando â compañeira
entre salayos d'amor;
pero gracias â leiteira
qu'entre seus brazos a estreite

¿Quén merca o leite?

Corro â vila sin parar
na cabeza posta a cesta,
que relouco por comprar
un adrezo para a festa,
figa, rosario e pieite.

¿Quén merca o leite?

Tamén hei comprar xabron
e unha cartilla de aceite...
mais ¡ay! dou un tropezón,
¡Adiós figa; adiós pieite!
¡Dios mío! ¡qué compasión!
Adiós adrezo, adiós leite!

O RECORDO

A GALICIA

Como un niño de vichel-o crego
que arrandea entre follas a brisa,
eu contemplo con meiga sorriso
o corruncho onde libre nacín.

Vin de Lisia (1) a encantada ribeira,
as riquísimas veigas da Galia
os xardíns da magnífica Italia...
como o noso bô chan, nada vin.

¿Onde están as devesas frondosas
e froridos herbales amenos,
en que alegres rebuldan os nenos,
ou quizáis namorado pastor?..

Onde os máxicos vales sombríos
serpentados de frescos regueiros,
en que están debruzados salgueiros
convidando á furtiños de amor?

En ningures s'encontra no mundo
un anaco de terra mais lindo...
soutos, prados e frores sorrindo
nos riachos mirándose están

(1) Lisboa.

Penduradas nas árbores crecen
dôces froitas de rica fragancia,
e con tan asombrosa abundancia
que os ramallos se pousan no chan.

Van âs festas de gran romería
lindas nenas de anxélica cara...
devoción, alegría, algazara
en confusa mestura alí hai.

A xovial foliada comenza
dos feitizos de música e danza,
e entr'amores, loucura e folganza
coma un lóstrego a noite se vai.

¡Qué risoña s'estende a alborada
de Galicia no puro hourizonte!
A laberca trinando no monte,
no pomar o feliz ruseñol.

Nas ladeiras remedan os ecos
o cantar d'inocentes pastores...
todo é canto, salayos, amores
n-aquel himno dos campos ao sol.

¡Cantas veces das rústicas frores
respirei os aromas suaves!..
¡Cantas veces nos bosques as aves
me saudaron cantando tamén!

E d'amores o peito encendido
engolfado en terna ledicia...
¡Qué recordo!.. ¡Adourada Galicia!
¡Ail tí foste meu célico Edén.

O MAGOSTO

A noite de San Andrés,
crara como unha de vrán,
c'un bô rebolo na man
e ca chupa do rivés
eu iba á paso de can.

Co meu pau â cangalleira
caido â feima o chapêu,
atruxei de tal maneira,
que trembou a carballeira
soando ao atruxo meu.

Aló na veira do río
oyeuse outro forte atruxo
e dimpois un asubío:
era Alberte do Carruxo
que anda de noite ao recío.

Logo que o paso apretei
hachámonos frente á frente,
rosmoume, eu tamén rosmei,
que anque o Carruxo é valente
á min non me pon a ley.

Ancho sombreiro de palla
con tres buratos na copa
por onde o pelo s'espalla,

brancas cirolas d'estopa;
tal era a sua pantalla.

Na man traguía ademais
gordo fungueiro d'un carro
que era furtado quizais,
na boca aceso cigarro,
cuspindo ao uso de Cáis.

- ¡Porr! ;quen ma empata, carau! -
decía Alberte bruando,
eu contesteille roncando
poñendo á xeito meu pau
e fómomos achegando.

- ¡Farruco!

- ¡Alberte!

- ¿Logo élo?

- ¡O mesmo!

- ¡Ai, voto á min!

- ¿E d'onde vès, pelengrín?

- Do muíño do Portelo

- No atruxar te conocín

¿Quén queda aló?

- Miña irmán,

a mais outro fato d'elas

e Minga tua curmán,

e un bô magosto que fan

quencendo ao lume as canelas.

- ¿Imos aló?

- De camiño:

- ¿Qué levas ahí?

- É viño.

- ¿N-esa bota?

- Non te engañas.

- Imos pois, dame un traguíño.

- Beberálo cas castañas
en de chegando ao muíño. -

Estaban dentro dous mozos
rebuldando co'as nenas
mentras unha das pequenas

alizaba con carozos
o lume feito moxenas.

Cos pes, c'un pau e coas mans
d'aquela na porta eu solo
- ¡Foral.. ¡foral.. - : os perilláns
mirábanse como os cáns
cando senten preto o lobo (1)

Botando con furia cega
a porta ao chan de contado,
durante aquela refrega
un mefeuse na moega,
outro sal pol-o tellado.

Hachamos unha navalla
con un cigarro encetado
e un bô sombreiro de palla
de castañas cugulado,
mesturadas con borralla.

Da preñada bota muxo
o licor que se consume,
Minga brinda ao seu Carruxo,
e chamándoo pol-o alcume. (2)

E d'esta sorte pasamos
a noite con grande gosto,
de parolar non cansamos
e defuntado o magosto
cas nenifias rebuldamos.

A fariña se atafega
rola o muíño mui quedo
¡ai! qu'o que está na moega
foise das augas co medo. (3)

(1) Ten d'estar mal tomada esta composición pois esta estrofa resultaba moy confusa e somella cal se de dous se fixera unha sola, pois non se lle ve unidá á relación.

(2) A esta estrofa creemos fálfalle un verso.

(3) A esta outra tamén debe de lle faltar.

HIMNO Á AGRICULTURA

(Dedicado á o meu amigo J. M. P.)

C O R O

*Traballade, rapaces e nenas
para vos o proveito ha de ser:
tral-os días de rudas faenas
virán noites de folgo e pracer.*

Cando Dios este noso planeta
pol-o espacío guindou entre soles,
n-un xardín d'arboredas e frores
puxo á nosos primeiros abôs.

E lles dixo: "Vivide felices
"entre xogos d'amor e caricias;
"vos faredel-as miñas delicias
"e as vosas se forades bôs.

"Inmortales seredes na terra
"como os xenios que están alá arriba;"
e comer certa froita lles priva
que non sei s'era figo ou mazán.

Por aqueles pomares frondosos
(en coiriños por falta de xastres)

sin cuidaren futuros desastres,
rebuldaban de tarde e mañán.

Hastra os ánxeles tiñan envidia,
atisbando da célica altura,
tanto encanto, pracer e ventura,
qu'encerraba aquel máxico Edén.

Mais un día, ¡funesto capricho!
lambicaron da froita vedada,
e perderon tan rica morada,
a inocencia perderon tamén.

¡Aí! a terra que d'antes mimosa
dos seus amos cumprira os antoxos
solo cardos, espiñas e toxos
lles ofrece... ¡disgracia fatal!..

Mais do home no espírito arteiro
unha idea feliz remuíña,
qu'é facer d'esta terra mezquiña
outro Edén positivo e real.

Do chan virxe a cuberta rachando,
á montós brotará do seu seo
canto abonde pra o noso recreo,
para noso regalo e pracer.

Desmontemos as verdes ladeiras,
cultivémol-os vales e montes,
que orballando de ríos e fontes
en fartura nos han de manter.

Baixo a tona da terra s'esconde
un tan rico epreciado tesouro,
que val mais que a prata e o ouro,
porque a nosa ventura alí está.

Traballemos con firme constanza:
O traballo é a alma do mundo;
É o sopro da vida fecundo,
que solaz e virtudes nos dá.

Noxo inspiran nas grandes cibdades
ledos bailes de libres escenas;
valen mais as campestres faenas
que respiran pureza e candor.

Os trafegos do campo acabados
da restreba, da esfolla, ou da malla...
¡Cómo é grato enredar entr'a palla
suspirando cantares d'amor!..

¡Canto é dōoe nas noites d'inverno
ao calor dos fizós da lareira,
escoitar da xovial fiandeira
a sentida canción popular!..

Ou pendente dos labios d'un vello
admirar as guerreiras fazañas,
e brindar ao compas das castañas
que nas brasas estoupan do lar!..

Pastorciños das verdes montañas,
labradores das veigas tranquilas,
por vos comen cibdades e vilas...
¿qué sería do mundo sin vos?

Cando o home e o chán s'emancipen
desde a serra hastra o valle profundo,
vos seredel-os donos do mundo
como nosos primeiros abós.

Á UNHA GALLEGA RENEGADA

Cando Dios fixo este mundo,
din que empezou pol-a España,
e as provincias con maña
foi pondo en orden profundo.

- Este país sen segundo
eu encherei de portentos...
¡Vamos! ¿estades contentos? -
E todo o mundo calou,
seno'Antona, que rosmou
con modos ben rabuxentos.

- Fala: ¿qué queres muller?
En min confía e sosega. -
- Eu non quero ser gallega. -
- ¿Entonces qué queres ser?
- ¡Andaluza! -

Foi de ver
as bulronas carcaxadas,
asubíos e chuscadas
que estalan en confusión,
hasta que dixo - ¡chitón! -
Dios, sorrindo ás agachadas:

- Provincias d'Andalucía
terra de sal e sandunga,

basta xa d'alegre chungá,
e tende mais cortesía...
pois ten tanta simpatía
por vos esta pobre tola,
e tanto se desconsola
lonxe de vos: un currencho
dádelle á este sapo cuncho;
pois xa non teño onde pôla.

- Zeño, que no pué zé, -
protestan os sevillanos,
- que se vaya a los gitanos -
e estes gritan: - ¡Chachipé!
mos vamos á dí ¿tá osté?
¿pues no ve ya cuantos semo? -
Dios, véndose en tal extremo
gritou: - ¿Non hai quen a queira? -
responde a nación enteira:
- ¡Que cargue co'ela o demol -

A MIÑA ENFERMEDADE

Fraco como un asubío,
con tres enemigos loito,
enfermedá, fame e frío,
e da miña vida o fío
vaise adelgazando moito.

Dimpois de fortes dolores,
tiven derrame de bilis
con revolvición de humores;
pero os demos dos doutores
non tèn dado co *busilis*.

Consultei con un franchute,
que de paso estaba aquí,
e díxome: *mon ami*
vous vous guerirez sans doute,
mais faut-il prendre ceci.

E espetoume tres recelas
que custaban seis pesetas;
pero como non as tiña
seguíu do mal a morriña
que s'encruou co'as dietas.

Tenme outro italiano visto,
e escramou: *¡Cappo di Cristol!*
lei ha d'orango la faccia
Malatía cativaccia;
ma io vengo previsto.

E tirou da faltriqueira
unha bonita carteira,
qu'era a sua gran farmacia,
ponderou sobremaneira
dos grañños a eficacia.

Engulín homeopatía
con pouca fé e esperanza;
mais encontrei certo día
á un médico de Braganza
que de antigo conocía.

E deixei o italiano
pol- doutor lusitano...
- ¡Diabo! ¡Cómo está amarelo! -
dixo rindo o Señor Melo,
qu'é un portugués campechano.

- Pois meu caro amigo, eu acho
que d'esta s'escapará;
mas de mañá tomará
raíz de carqueixa macho
con seis chavenas de chá. -

Á o herbolario Garduña
pedínlle: *macho carquesia...*
entre dentes refunfuña
e por pouco m'esgadufña
se non entro n-unha iglesia.

Dixome o tío Cascaña:
- O papel Fayard non daña... -
¿por qué non se serve d'él?

- S'hei de curar con papel
será do Banco d'España. -

De duros unha poutada
podrá curarme a hepatites,
enfermedá conxanada
cando ven acompañada
d'unha gran *sindinerites*.

AMORHA PRESURADO

Milchiamer, milchier, nos miramos;
Sordichas, sordichas, os dous contamos;
Nos ríxos, ellos nos ríxos, ríxos;
Ti nos miras, eu nos teus nos tratamos.

Desde estoncas é unha nos, nos mesmos;
En mesma parte ou traxo os dous seguimos;
E ande á noses d'ibere nos mesmos;
É coa do gaulis nos mesmos.

Xa que do corazón líbris d'ibere nos;
As paratos dos nosos nos mesmos;
Nos d'os v'os nos mesmos.

Que o niño lan entre r'os nos e r'os nos;
Que a vida é curta e r'os nos nos nos;
Do tempo lan precioso que perdemos.

AMOR APRESURADO

Miráchesme, mireiche, nos miramos;
Sorrícheste, sorrínme, os dous sorrimos;
Nos nosos ollos nosa imaxen vimos:
Tí nos meus, eu nos teus nos retratamos.

Dende estonces d'amor nos abrazamos;
Un mesmo gusto ou pena os dous sentimos,
E anque á paraxes diferentes imos,
De cote no camiño tropezamos.

Xa que do corazón libres dispômos,
Aos paxaros dos bosques imitemos,
Nosa dôce ventura apresuremos.

Que o niño fan entre ramaxe e gromos;
Que a vida é curta e responsables somos
Do tempo tan precioso que perdemos,

ANTE A TORRE D'HERCULES

- Esta torre fai mil anos
que a fixeron os fenicios.

- Tamén hai algúns indicios
de qu'é obra dos romanos.

Sodes na historia profanos
e en sentenciar mui lixeiros;
pois nin foron os primeiros
nin os segundos ¡aposto!

- Tíranos da duda, Agosto:
dí ¿quens foron?

- ¡Os canteiros!

EPIGRAMA

Ao saltar este regueiro
certa noite de treboada
caeu d'unha trambullada,
chispo, Goriño d'Outeiro;
acode o lugar enteiro,
faise a autosia de Goriño;
os médicos o fuciño
morden, á pesar da cencia,
pois non saben en concencia
se afogou d'auga ou de viño.

Unha poesía de Añón casi desconocida

Inda que n-este volume deberan ir sómente composicións galegas, tivemos a fortuna de atopar con unha castelán que non figura no tomo de poesías de Añón, publicado na «Biblioteca Gallega» que dirixiu o benemérito D. Andrés Martínez Salazar, ilustre cronista da Cruña.

Por mais que a composición está adicada á o amigo do autor J. M. P. é fácil cousa saber á quen corresponden estas iniciás xa pol-o que se dí nos versos, xa pol-a gran amizade que uniu á estes dous poetas, xa porque José María Posada. correspondeu á os desexos do seu compañeiro, é cando morreu Añón adicoulle o *Soneto* que vai á continuación da poesía de aquél.

A mi amigo J(osé) M(.) P(osada)

Trovista venturoso, hijo del mar
ven hacia mí de tu arenosa playa
con los encantos de la ciencia gayá
mis amargos pesares a endulzar.

Ven con tu blanda lira á acompañar
flébiles trovas, que mi amor ensaya,
y por do quiera nuestro canto vaya
unido y nuestros nombres a la par.

Cual dos hojas que el cierzo furibundo
arranca a un árbol, y con soplo fuerte
llévalas revolando a la llanura
así crucemos nos el vasto mundo,
mil cántigas trovando a la hermosura
en vez de lamentar la adversa suerte.

Y si quizás la muerte
no nos hiere a los dos en un instante,
aquel que *sobreviva*, al otro canie.

† FRANCISCO AÑÓN.

Año 1845

A mí querido amigo Francisco Añón

(IN EJUS MORTE)

Y si quizás la muerte
no nos hlere a los dos en un instante
aquel que sobreviva, al otro cante.

¡Qué cante, con el alma dolorida,
por la infausta noticia de la muerte,
sin la esperanza de volver a verte
en esta triste y miserable vida!

¡Cantar! ¡Cuando mi voz desfallecida
vibraba al eco de tu acento fuerte,
que era el que daba a mi existencia inerte
calor suave, inspiración sentida!..

Tú, que después de un tiempo borrascoso
has arribado al apacible puerto
donde se vive en eternal reposo.

Envíame, te ruego, a este desierto
nueva canción de afecto generoso
pues que, tú eres el vivo, y yo el muerto.

† JOSÉ M.^a POSADA

Abril 1878

ORDE DOS TRABALLOS

| | |
|------------------------------|----|
| Prólogo | 5 |
| A Galicia | 15 |
| A Pantasma | 18 |
| Xogos froraes | 21 |
| A Galicia | 23 |
| Recordos da Infancia | 26 |
| A leiteira | 31 |
| O Recordo | 33 |
| O magosto | 35 |
| Himno â Agricultura | 38 |
| A unha gallega renegada | 41 |
| A miña enfermidade | 43 |
| Amor apresurado | 46 |
| Ante a Torre de Hércules | 47 |
| Epigrama | 48 |
| Unha poesía casi desconocida | 49 |
| A Francisco Añón | 50 |

OS DOS TRABALLOS

2

12

16

21

23

26

31

35

36

38

41

42


46

47

48

49

50





Prezo: UNHA peseta